

Todas as actividades que propoño dependerán do nivel de cada peque nos diferentes aspectos. Sen esquecer que unha das **actividades máis sinxelas** que podemos facer é falar, falar de calquera cousa, narrar o que imos facendo e poñerlle os nomes adecuados, cantar, ler...

ACTIVIDADES MANIPULATIVAS

- Traballar a **motricidade fina** con: pinzas (tender a roupa, usar as pinzas do xeo), facer pulseiras ou manipular fíos dalgunha maneira, enroscar (tapóns, roscas...), rachar, facer bolas, cortar, espremer... calquera outra actividade que se vos ocorra!

- Un xogo sinxelo que nos gusta moito facer na clase é o **ahorcado**: con palabras sinxelas os/as vosos/as peques poden pasar un bo rato xogando e aprendendo. (Explicación de como se xoga <https://www.guiainfantil.com/articulos/ocio/juegos/el-ahorcado-juego-de-palabras-como-jugar-al-ahorcado-con-los-ninos/>)

- **Bandexa sensorial**: cunha bandexa transparente calquera (a da carne, os cruasáns...) ou unha caixa crearemos un gran material. Primeiro ponse un folio debaixo no caso de que sexa transparente e cóbrese con algún alimento coma lentellas, arroz, sal, sementes... e ao lado da bandexa as diferentes letras para que as poidan reproducir. *Tamén isto serve para infinidade de actividades máis.*



- Outra actividade moi motivadora pola novidade que supón é facer una **caixa de luz**. É moi sinxela e pode servirnos moito, déixovos a continuación os pasos:



[Premer aquí!](#)

- Usar os **bloques lego**: a actividade pode iniciarse xa escribindo as letras mentres se fala cos/as peques, así comezan as ganas de traballar as letras dende un inicio, e como é sabido que o motor da aprendizaxe é o xogo, eles/as mesmos/as estarán a aprender sen decatarse.



- Crear **palabras/letras máxicas**: cun sinxelo EXPERIMENTO pódese captar a atención dos/as peques. Usando a ciencia sobre una bandexa con bicarbonato pódense facer letras cunha especie de espuma. Para escribir fai falla vinagre branco e colorante que se pode meter en contagotas ou botes dosificadores, ao se mesturar os materiais xéranse coma unhas burbullas, o que visualmente é moi estimulante.



Se queredes máis ideas neste blog podeades atopalas:

<http://www.clubpequeslectores.com/>

EN LIÑA

A continuación déixovos unhas páxinas web para poder practicar a lecto-escritura de forma sinxela e divertida de maneira interactiva en liña:

- <http://testarcoiris.juegosarcoiris.es/juegos/letras/fletras/>
- <http://testarcoiris.juegosarcoiris.es/juegos/letras/vocales/>
- <http://www.kokolikoko.com/games/elahorcado/?Disney>

Para calquera cousa podeades contactar comigo a través do correo:

victoriafernandezrodriguez@gmail.com

Xa queda menos para vernos,

QUE SEXA LEVE,

E UN BICO GRANDE GRANDE PARA OS/AS PEQUES!

Ado: Viqui

